

GUÍA DE ACOLLEMENTO DIXITAL

Índice:

1. Cómo entrar na aula virtual.....	2
2. Cómo subir un documento.....	4
3. Como mirar o feedback da profesora ou profesor.....	7
4. Cómo enviar e ler as mensaxes recibidas:	8
5. Como pasar un arquivo a PDF.....	9
6. Páxina web do centro	10
7. Banco de recursos.....	10

1. Cómo entrar na aula virtual

- Entra na web do centro: <https://www.cifpfragadoeume.gal/>
- Baixo a foto do centro está o acceso ao aula virtual.



- Dentro do aula virtual debes pinchar en **Acceder**

Aula Virtual do CIFP Fraga do Eume

DOCUMENTACIÓN DAS AULAS VIRTUAIS WEBS DINÁMICAS (profesorado)

Categorías de curso

▼ Contraer todo

- ▼ **HOSTALERÍA E TURISMO** (5)
 - ▶ C.B. de COCIÑA E RESTAURACIÓN
 - ▶ C.M. de COCIÑA E GASTRONOMÍA (2)
 - ▶ C.M. de SERVIZOS EN RESTAURACIÓN
 - ▶ C.S. de AXENCIAS DE VIAXES E XESTIÓN DE EVENTOS (2)
 - ▶ C.S. de DIRECCIÓN DE COCIÑA (1)
 - ▶ C.S. de DIRECCIÓN DE SERVIZOS DE RESTAURACIÓN
 - ▶ C.S. de XESTIÓN DE ALOXAMENTOS TURÍSTICOS (1)
 - ▶ C.S. de XESTIÓN DE ALOXAMENTOS TURÍSTICOS (DUAL)

- Así chegarás á seguinte pantalla de acceso:

Aula Virtual do CIFP Fraga do Eume

Lembrar o nome de usuario

Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?

Debe ter as cookies activadas no seu navegador ?

Algúns cursos permiten o acceso a convidados

1.1. Formato de usuario


O nome de **usuario** seguirá o seguinte **formato**:

nome1.nome2.apelido1apelido2

Exemplo: maria.isabel.garciagarcia

Os docentes facilitaránche o contrasinal durante as primeiras semanas do curso. Será dun só uso: a primeira vez que accedas deberás modificala por unha da túa elección.

- Selecciona o **módulo** no que desexes entrar:



2. Cómo subir un documento

- Localiza a tarefa que o teu profesor ou profesora subiu ao aula virtual




- Cando chegues a esta nova xanela, debes dirixirte a “engadir entrega”.

Entrega tarefa

Estado da entrega


Estado da entrega	Sen intentos
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Data límite	Mércores, 31 de Maio de 2023, 00:00
Tempo restante	6 días 14 horas
Última modificación	-
Comentarios a entrega	► Comentarios (0)




Vostede aínda non fixo ningunha entrega

- Dende aquí tes dúas opcións para subir o ficheiro:


1. Arrastrao no espazo habilitado



2. Pulsa na **frecha azul** para que apareza a opción de seleccionar un ficheiro do equipo



- Selecciona o arquivo desexado dende a carpeta na que o teñas gardado e pulsa “enviar este ficheiro”. Debe quedar como no exemplo que aparece a continuación:



- ¡¡¡Non esquezas “gardar os cambios”!!!

- Comproba que a túa tarefa aparece como **“entregado para cualificacións”**. Asegúrate de subir o traballo ben rematado, pois a opción de editar entrega non aparecerá sempre (podes preguntarlle á docente antes de subir o arquivo).

Entrega tarea

Estado da entrega

Estado da entrega	Entregado para cualificacións
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Data límite	Mércores, 31 de Maio de 2023, 00:00
Tempo restante	6 días 14 horas
Última modificación	Mércores, 24 de Maio de 2023, 09:50
Entregas de ficheiros	TAREFA_UD.6_exerciciosSOLUCIONARIO-alumna.pdf 24 de Maio de 2023, 09:50
Comentarios a entrega	Comentarios (0)


Ainda pode facerlle cambios á súa entrega

Non olvides consultar a data límite para facer a entrega, xa que é posible que pasada a hora, a aula virtual non te deixe subir o teu arquivo.

(Se tes dúbidas de cómo pasar un arquivo a PDF consulta o apartado 5)

3. Como mirar o feedback da profesora ou profesor

Dende a xanela anterior, unha vez avaliada a tarefa, apareceráche o comentario deixado pola profesora ou profesor, e abaixo de todo, a nota correspondente.


Estado da entrega	Sen intentos
Estado das cualificacións	Cualificado
Data límite	Xoves, 27 de Abril de 2023, 23:00
Tempo restante	A tarefa foi atrasada por: 26 días 11 horas
Última modificación	-
Comentarios a entrega	<p>▶ Comentarios (1)</p> <p> Alba Villar - Mér, 24 de Mai de 2023, 10:32 Moi bo traballo!! Repara na ortografía para mellorar a próxima entrega</p> <p>Engadir un comentario...</p> <p>Gardar o comentario Cancelar</p>

Comentarios

Cualificación	9,00 / 100,00
Cualificado o	Mércores, 24 de Maio de 2023, 10:32
Cualificado por	 Alba Villar

4. Cómo enviar e ler as mensaxes recibidas:


- Para enviálos, accede a unha materia na que estea a persona con quen te queres comunicar, e búscala no menú da esquerda pinchando en participantes.



Verás un listado coas persoas matriculadas nese curso (alumnado e profesorado). Se elixes unha persoa, verás ao lado do seu nome o bocado para enviarlle a mensaxe.

Alba Villar  Mensaxe


Para ler as mensaxes xa recibidas pulsa na icona de “mensaxes” da aula virtual que aparecerá pulsando a frechiña que está ao lado do teu nome.



Cada vez que recibas unha nova mensaxe apareceráche un cadrado vermello no bocado que se encontra á esquerda do teu nome.


5. Como pasar un arquivo a PDF

Dende o **Word**, ve a “arquivo”, guardar como, e elixe a carpeta de destino do arquivo. Desposi de modificar o nome, en “tipo” elixe o formato PDF.



Fíxate ben onde o gardas para poder buscalo despóis.

Se, pola contra, estás a manexar o **LibreOffice Writer**, deberás premer na seguinte icona:




Novamente, recorda que debes prestar atención a donde gardas o arquivo.

6. Páxina web do centro

A nosa páxina web se atopa no dominio: <https://www.cifpfragadoeume.gal/>

Nela poderás atopar informacións diversas, pero son de especial relevancia:

- As **novidades** que atoparás xusto baixo a foto de portada:



- O **“taboleiro de secretaría”**, que atoparás dentro de “o centro”:



- E xusto á dereita de “o centro”, a **“guía do alumnado”**, onde atoparás os documentos do centro e toda a información precisa para o alumnado.

7. Banco de recursos

Na mesma web, hai un apartado específico con diferentes recursos a túa disposición: <https://www.cifpfragadoeume.gal/banco-de-recursos/>